

Do mesmo modo, no primeiro parágrafo do número 2 da mesma disposición derradeira terceira da Lei 10/1998, facúltase o Ministerio de Medio Ambiente para publica-lo Catálogo Europeo de Residuos (CER) e a Lista de Residuos Perigosos, aprobados, respectivamente, polas decisións comunitarias 94/3/CE, da Comisión, do 20 de decembro, e 99/404/CE, do Consello, do 22 de decembro.

Estas decisións comunitarias foron derogadas pola Decisión 2000/532/CE, da Comisión, do 3 de maio (posteriormente modificada polas decisións da Comisión, 2001/118/CE, do 16 de xaneiro e 2001/119, do 22 de xaneiro, e pola Decisión do Consello, 2001/573, do 23 de xullo) mediante a que se aproba a Lista Europea de Residuos, que, ademais doutras modificacións, refunde as dúas listas anteriormente mencionadas nunha soa. Resulta, por tanto, pertinente proceder á publicación da mencionada Lista Europea de Residuos no anexo 2 desta orde, consonte a habilitación anteriormente mencionada.

Polo que se refire á propia consideración dos residuos como perigosos, no artigo 3.c) da Lei 10/1998 establécese que terán tal condición os que fosen cualificados como perigosos pola normativa comunitaria. Neste sentido, a Decisión 2000/532/CE identifica os residuos que teñen tal cualificación na Lista Europea de Residuos e establece os mecanismos pertinentes que resultan de aplicación para proceder á tal identificación, polo que todo isto se publica mediante esta orde ministerial, tanto no articulado como no anexo 2, nos que se realiza unha translación practicamente literal da Decisión 2000/532/CE, de acordo coa correspondente habilitación da Lei 10/1998, anteriormente mencionada.

Finalmente, na disposición derradeira segunda do Real decreto 952/1997, do 20 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, que aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos, habilítase o ministro de Medio Ambiente para publica-las sucesivas modificacións da lista de residuos perigosos aprobada polas institucións comunitarias.

No procedemento de elaboración desta orde, que ten a consideración de lexislación básica sobre protección do ambiente, de acordo co establecido no artigo 149.1.23 da Constitución, foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Primeiro. *Operacións de valorización e eliminación de residuos.*

1. De conformidade co establecido no segundo parágrafo do número 2 da disposición derradeira terceira da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, no anexo 1 da presente orde publícanse as operacións de valorización e eliminación de residuos, establecidas mediante a Decisión 96/350/CE, da Comisión, do 24 de maio.

2. O anexo 1 da presente orde será aplicable a todos os residuos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 10/1998.

Segundo. *Lista Europea de Residuos.*

1. De conformidade co establecido no primeiro parágrafo do número 2 da disposición derradeira terceira da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, no anexo 2 da presente orde publícase a Lista Europea de Residuos, aprobada pola Decisión 2000/532/CE, da Comisión, do 3 de maio, modificada polas decisións da Comisión, 2001/118/CE, do 16 de xaneiro, e 2001/119, do 22

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

3285 *ORDE MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos. («BOE» 43, do 19-2-2002.)*

A Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, establece o réxime xurídico básico aplicable ós residuos en España e, en tal sentido, habilita o Ministerio de Medio Ambiente para publicar unha serie de medidas adoptadas polas institucións comunitarias mediante diversas decisións, como é o caso das operacións de valorización e eliminación e das listas europeas sobre residuos.

Así, no segundo parágrafo do número 2 da disposición derradeira terceira da mencionada lei, establécese que o citado departamento publicará a lista de operacións de valorización e eliminación de residuos, aprobada mediante a Decisión 96/350/CE, o que se leva a cabo no anexo 1 desta orde, de forma tal que resulta de aplicación a todo tipo de residuos e permite unha correcta aplicación dos propios conceptos de «valorización» e «eliminación», de acordo co establecido nas alíneas k) e l) do artigo 3 da Lei 10/1998.

de xaneiro, e pola Decisión do Consello 2001/573, do 23 de xullo.

2. De conformidade co establecido no artigo 3 da Decisión 2000/532/CE, o Goberno ou, se for o caso, as comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos de competencias, poderán decidir, en casos excepcionais:

Que un residuo que figura na Lista Europea de Residuos como perigoso non teña tal consideración se, de acordo coas pertinentes probas documentais proporcionadas polo posuidor, non presenta ningunha das características de perigosidade enumeradas na táboa 5 do anexo I do regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos, aprobado mediante o Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, e modificado polo Real decreto 952/1997, do 20 de xuño.

Que un residuo teña a consideración de perigoso, aínda que non figure como tal na Lista Europea de Residuos se, ó seu xuízo, presenta algunha das características de perigosidade enumeradas na táboa 5 do anexo I do regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos.

Se as comunidades autónomas adoptaren algunha das decisións sinaladas nos números anteriores, porano en coñecemento do Ministerio de Medio Ambiente para efectos de o notificar á Comisión Europea, a través da vía correspondente.

3. Para efectos do establecido no artigo 4 do regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos, a consideración como residuos perigosos dos residuos de envases axustarase ó establecido na Lista Europea de Residuos que figura no anexo 2 desta orde e, en particular, no punto 6 da letra B dese anexo.

Terceiro. Fundamento constitucional e carácter básico.—Esta orde ten a consideración de lexislación básica sobre protección do ambiente, de acordo co establecido no artigo 149.1.23 da Constitución.

Cuarto. Derrogación normativa.—Á entrada en vigor da presente orde quedará sen efecto a resolución da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, do 17 de novembro de 1998, pola que se dispón a publicación do Catálogo Europeo de Residuos (CER) aprobado mediante Decisión 94/3/CE, da Comisión, do 20 de decembro.

Quinto. Entrada en vigor.—O establecido nesta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 8 de febreiro de 2002.

MATAS PALOU

ANEXO 1

Operacións de valorización e eliminación de residuos, de conformidade coa Decisión 96/350/CE, da Comisión, do 24 de maio, pola que se modifican os anexos IIA e IIB da Directiva 75/442/CEE, do Consello, relativa ós residuos

PARTE A. OPERACIÓNS DE ELIMINACIÓN

D1 Depósito sobre o solo ou no seu interior (por exemplo, vertedura, etc.).

- D2 Tratamento en medio terrestre (por exemplo, biodegradación de residuos líquidos ou lodos no solo, etc.).
- D3 Inxección en profundidade (por exemplo, inxección de residuos bombeables en pozos, minas de sal, fallas xeolóxicas naturais, etc.).
- D4 Encoramento superficial (por exemplo vertedura de residuos líquidos ou lodos en pozos, estanques ou lagoas, etc.).
- D5 Vertedura en lugares especialmente deseñados (por exemplo, colocación en celas estancas separadas, recubertas e illadas entre si e o ambiente, etc.).
- D6 Vertedura no medio acuático, salvo no mar.
- D7 Vertedura no mar, incluída a inserción no leito mariño.
- D8 Tratamento biolóxico non especificado noutro número do presente anexo e que dea como resultado compostos ou mesturas que se eliminen mediante algún dos procedementos enumerados entre D1 e D12.
- D9 Tratamento fisicoquímico non especificado noutro número do presente anexo e que dea como resultado compostos ou mesturas que se eliminen mediante un dos procedementos enumerados entre D1 e D12 (por exemplo, evaporación, secado, calcinación, etc.).
- D10 Incineración en terra.
- D11 Incineración no mar.
- D12 Depósito permanente (por exemplo, colocación de contedores nunha mina, etc.).
- D13 Combinación ou mestura previa a calquera das operacións enumeradas entre D1 e D12.
- D14 Reenvasado previo a calquera das operacións enumeradas entre D1 e D13.
- D15 Almacenamento previo a calquera das operacións enumeradas entre D1 e D14 (con exclusión do almacenamento temporal previo á recolla no lugar de produción).

PARTE B. OPERACIÓNS DE VALORIZACIÓN

- R1 Utilización principal como combustible ou como outro medio de xerar enerxía.
- R2 Recuperación ou rexeneración de disolventes.
- R3 Reciclaxe ou recuperación de substancias orgánicas que non se utilizan como disolventes (incluídas as operacións de formación de fertilizante e outras transformacións biolóxicas).
- R4 Reciclaxe ou recuperación de metais e de compostos metálicos.
- R5 Reciclaxe ou recuperación doutras materias inorgánicas.
- R6 Rexeneración de ácidos ou de bases.
- R7 Recuperación de compoñentes utilizados para reduci-la contaminación.
- R8 Recuperación de compoñentes procedentes de catalizadores.
- R9 Rexeneración ou outro novo emprego de aceites.
- R10 Tratamento de solos, producindo un beneficio á agricultura ou unha mellora ecolóxica deles.
- R11 Utilización de residuos obtidos a partir de calquera das operacións enumeradas entre R1 e R10.
- R12 Intercambio de residuos para os someter a calquera das operacións enumeradas entre R1 e R11.
- R13 Acumulación de residuos para os someter a calquera das operacións enumeradas entre R1 e R12 (con exclusión do almacenamento temporal previo á recolla no lugar da produción).

ANEXO 2

Lista Europea de Residuos de conformidade coa alínea a) do artigo 1 da Directiva 75/442/CEE, sobre residuos, e co número 4 do artigo 1 da Directiva 91/689/CEE, sobre residuos perigosos (aprobada pola Decisión 2000/532/CE, da Comisión, do 3 de maio, modificada polas decisións da Comisión, 2001/118/CE, do 16 de xaneiro, e 2001/119, do 22 de xaneiro, e pola Decisión do Consello 2001/573, do 23 de xullo)

INTRODUCCIÓN

A)

Considérase que os residuos clasificados como perigosos presentan unha ou mais das características enumeradas no anexo III da Directiva 91/689/CEE e, no que respecta ás características H3 a H8, H10 (1) e H11 dese anexo, unha ou mais das seguintes propiedades:

Punto de inflamación τ 55 °C.

Conter unha ou mais substancias clasificadas (2) como moi tóxicas nunha concentración total τ 0,1 por 100.

Conter unha ou mais substancias clasificadas como tóxicas nunha concentración total τ 3 por 100.

Conter unha ou mais substancias clasificadas como nocivas nunha concentración total τ 25 por 100.

Conter unha ou mais substancias corrosivas clasificadas como R35 nunha concentración total τ 1 por 100.

Conter unha ou mais substancias corrosivas clasificadas como R34 nunha concentración total τ 5 por 100.

Conter unha ou mais substancias irritantes clasificadas como R41 nunha concentración total τ 10 por 100.

Conter unha ou mais substancias irritantes clasificadas como R36, R37 ou R38 nunha concentración total τ 20 por 100.

Conter unha substancia que sexa un cancerixeno coñecido da categoría 1 ou 2 nunha concentración τ 0,1 por 100.

Conter unha substancia que sexa un cancerixeno coñecido da categoría 3 nunha concentración τ 1 por 100.

Conter unha substancia tóxica para a reprodución da categoría 1 ou 2, clasificada como R60 ou R61, nunha concentración τ 0,5 por 100.

Conter unha substancia tóxica para a reprodución da categoría 3 clasificada como R62 ou R63 nunha concentración τ 5 por 100.

(1) Na Directiva 92/32/CEE do Consello, sétima modificación da Directiva 67/548/CEE, introduciuse o termo «tóxico para a reprodución», co que se substituíu o termo «teratoxénico». O termo «tóxico para a reprodución» considérase conforme a característica H10 do anexo III da Directiva 91/689/CEE.

(2) A clasificación e os números R remiten á Directiva 67/548/CEE do Consello, do 27 de xuño de 1967, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas en materia de clasificación, embalaxe e etiquetaxe das substancias perigosas (DO L196 do 16 de agosto de 1967, p. 1), e as súas modificacións posteriores. Os límites de concentración remiten ós fixados na Directiva 88/379/CEE do Consello, do 7 de xuño de 1988, sobre a aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros relativas á clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos (DO L187 do 16 de xullo de 1988, p. 14) e as súas modificacións posteriores.

Conter unha substancia mutaxénica da categoría 1 ou 2 clasificada como R46 nunha concentración τ 0,1 por 100.

Conter unha substancia mutaxénica da categoría 3 clasificada como R40 nunha concentración τ 1 por 100.

B)

1. Esta lista é unha listaxe harmonizada de residuos que se revisará periodicamente á luz dos novos coñecementos e, en particular, dos resultados da investigación e, se for preciso, modificarase conforme o artigo 18 da Directiva 75/442/CEE. A inclusión dun material na lista non significa, sen embargo, que tal material sexa un residuo en tódalas circunstancias. Un material só se considera residuo cando se axusta á definición de residuo da alínea a) do artigo 1 da Directiva 75/442/CEE.

2. Os residuos que figuran na lista están suxeitos ás disposicións da Directiva 75/442/CEE, a menos que se aplique o disposto na alínea b) do número 1 do artigo 2 da mesma.

3. Os diferentes tipos de residuos da lista clasifícanse mediante códigos de seis cifras para os residuos, e de catro e dúas cifras para os subcapítulos e capítulos respectivamente. Para localizar un residuo na lista débese proceder da maneira seguinte:

3.1 Localiza-la fonte que xera o residuo nos capítulos 01 a 12 ou 17 a 20 e procura-lo código apropiado de seis cifras para o residuo (excluídos os códigos finalizados en 99 dos ditos capítulos). Nótese que algunhas unidades de produción específicas poden necesitar varios capítulos para clasificalas súas actividades: por exemplo, un fabricante de automóviles pode encontralos seus residuos nos capítulos 12 (residuos do moldeado e do tratamento de superficie de metais e plásticos), 11 (residuos inorgánicos que conteñen metais procedentes do tratamento e do recubrimento de metais) e 08 (residuos da utilización de revestimentos), dependendo das diferentes fases do proceso de fabricación. Nota: os residuos de envases recollidos selectivamente (incluídas as mesturas de materiais de envase diferentes) clasificaranse co código 15 01, non co 20 01.

3.2 Se non se encontra ningún código de residuo apropiado nos capítulos 01 a 12 ou 17 a 20, deberanse consulta-los capítulos 13, 14 e 15 para localiza-lo residuo.

3.3 Se o residuo non se encontra en ningún destes códigos, haberá que dirixirse ó capítulo 16.

3.4 Se tampouco se encontra no capítulo 16, débese utiliza-lo código 99 (residuos non especificados noutra categoría) na parte da lista que corresponde á actividade identificada no primeiro paso.

4. Os residuos que aparecen na lista sinalados cun asterisco (*) considéranse residuos perigosos de conformidade coa Directiva 91/689/CEE, sobre residuos perigosos, e están suxeitos ás súas disposicións a menos que se aplique o número 5 do artigo 1 desa directiva.

5. Para efectos desta lista, «substancia perigosa» designa calquera substancia que fose ou vaia ser clasificada como perigosa na Directiva 67/548/CEE e nas súas modificacións; «metal pesado» designa calquera composto de antimonio, arsénico, cadmio, cromo (VI), cobre, chumbo, mercurio, níquel, selenio, telurio, talio e estaño, ben como estas substancias nas súas formas metálicas, sempre que estas estean clasificadas como substancias perigosas.

6. Calquera residuo clasificado como perigoso a través dunha referencia específica ou xeral a substancias perigosas só se considerará perigoso se as concentracións destas substancias (é dicir, a porcentaxe en peso) son suficientes para que o residuo presente unha ou

máis das características enumeradas no anexo III da Directiva 91/689/CEE do Consello. No que se refire ás categorías H3 a H8, H10 e H11 aplicarase a letra A deste anexo. Este mesmo número non contén na actualidade disposicións respecto ás características H1, H2, H9 e H12 a H14.

7. De conformidade coa Directiva 99/45, que establece no seu preámbulo que se considera que o caso das aliaxes necesita unha avaliación en maior profundidade porque as características das aliaxes son tales que pode que non sexa posible definir con exactitude as súas propiedades utilizando os métodos convencionais actualmente dispoñibles, o disposto na letra A deste anexo non se aplicará ás aliaxes de metais puros (non contaminados con substancias perigosas). Isto será así en canto siga pendente de realización o labor que a Comisión e os estados membros se comprometeron a emprender sobre o método específico de clasificación das aliaxes. Os residuos especificamente enumerados na presente lista seguirán estando clasificados como na actualidade.

8. Utilizáronse as seguintes normas de numeración dos epígrafes da lista: no caso dos residuos nos que non se introduciron cambios utilizáronse os números de código da Decisión 94/3/CE; os códigos de residuos que sufriron modificacións elimináronse e deixáronse en branco para evitar confusións trala aplicación da nova lista; ós residuos engadidos atribuíronselles códigos non utilizados na Decisión 94/3/CE e na Decisión 2000/532/CE da Comisión.

ÍNDICE

Capítulos da lista

- 01 Residuos da prospección, extracción de minas e canteiras e tratamentos físicos e químicos de minerais.
- 02 Residuos da agricultura, horticultura, acuicultura, silvicultura, caza e pesca; residuos da preparación e elaboración de alimentos.

- 03 Residuos da transformación da madeira e da produción de taboleiros e mobles, pasta de papel, papel e cartón.
- 04 Residuos das industrias do coiro, da pel e téxtil.
- 05 Residuos da refinación do petróleo, da purificación do gas natural e do tratamento pirolítico do carbón.
- 06 Residuos de procesos químicos inorgánicos.
- 07 Residuos de procesos químicos orgánicos.
- 08 Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de revestimentos (pinturas, vernices e esmaltes vítreos), adhesivos, seladores e tintas de impresión.
- 09 Residuos da industria fotográfica.
- 10 Residuos de procesos térmicos.
- 11 Residuos do tratamento químico de superficie e do recubrimento de metais e outros materiais; residuos da hidrometalurxia non férrea.
- 12 Residuos do moldeado e do tratamento físico e mecánico de superficie de metais e plásticos.
- 13 Residuos de aceites e de combustibles líquidos (excepto os aceites comestibles e os dos capítulos 05, 12 e 19).
- 14 Residuos de disolventes, refrixerantes e propelentes orgánicos (excepto os dos capítulos 07 e 08).
- 15 Residuos de envases; absorbentes, trapos de limpeza, materiais de filtración e roupas de protección non especificados noutra categoría.
- 16 Residuos non especificados noutro capítulo da lista.
- 17 Residuos da construción e demolición (incluída a terra escavada de zonas contaminadas).
- 18 Residuos de servizos médicos ou veterinarios ou de investigación asociada (salvo os residuos de cociña e de restaurante non procedentes directamente da prestación de coidados sanitarios).
- 19 Residuos das instalacións para o tratamento de residuos, das estacións externas de tratamento de augas residuais e da preparación de auga para consumo humano e de auga para uso industrial.
- 20 Residuos municipais (residuos domésticos e residuos asimilables procedentes dos comercios, industrias e institucións), incluídas as fraccións recollidas selectivamente.

LISTA DE RESIDUOS

01 Residuos da prospección, extracción de minas e canteiras e tratamentos físicos e químicos de minerais

- 01 01 Residuos da extracción de minerais.
- 01 01 01 Residuos da extracción de minerais metálicos.
- 01 01 02 Residuos da extracción de minerais non metálicos.
- 01 03 Residuos da transformación física e química de minerais metálicos.
- 01 03 04* Estériles que xeran ácido procedentes da transformación de sulfuros.
- 01 03 05* Outros estériles que conteñen substancias perigosas.
- 01 03 06 Estériles distintos dos mencionados nos códigos 01 03 04 e 01 03 05.
- 01 03 07* Outros residuos que conteñen substancias perigosas procedentes da transformación física e química de minerais metálicos.
- 01 03 08 Residuos de po e area fina distintos dos mencionados no código 01 03 07.
- 01 03 09 Lodos vermellos da produción de alumina distintos dos mencionados no código 01 03 07.
- 01 03 99 Residuos non especificados noutra categoría.
- 01 04 Residuos da transformación física e química de minerais non metálicos.
- 01 04 07* Residuos que conteñen substancias perigosas procedentes da transformación física e química de minerais non metálicos.
- 01 04 08 Residuos de grava e rochas trituradas distintos dos mencionados no código 01 04 07.
- 01 04 09 Residuos de area e arxilas.
- 01 04 10 Residuos de po e area fina distintos dos mencionados no código 01 04 07.
- 01 04 11 Residuos da transformación de potasa e sal xema distintos dos mencionados no código 01 04 07.

- 01 04 12 Estériles e outros residuos do lavado e limpeza de minerais distintos dos mencionados no código 01 04 07 e 01 04 11.
- 01 04 13 Residuos do corte e serradura de pedra distintos dos mencionados no código 01 04 07.
- 01 04 99 Residuos non especificados noutra categoría.
- 01 05 Lodos e outros residuos de perforacións.
- 01 05 04 Lodos e residuos de perforacións que conteñen auga doce.
- 01 05 05* Lodos e residuos de perforacións que conteñen hidrocarburos.
- 01 05 06* Lodos e outros residuos de perforacións que conteñen substancias perigosas.
- 01 05 07 Lodos e residuos de perforacións que conteñen sales de bario distintos dos mencionados nos códigos 01 05 05 e 01 05 06.
- 01 05 08 Lodos e residuos de perforacións que conteñen cloruros distintos dos mencionados nos códigos 01 05 05 e 01 05 06.
- 01 05 99 Residuos non especificados noutra categoría.

02 Residuos da agricultura, horticultura, acuicultura, silvicultura, caza e pesca; residuos da preparación e elaboración de alimentos

- 02 01 Residuos da agricultura, horticultura, acuicultura, silvicultura, caza e pesca.
- 02 01 01 Lodos de lavado e limpeza.
- 02 01 02 Residuos de tecidos de animais.
- 02 01 03 Residuos de tecidos de vexetais.
- 02 01 04 Residuos de plásticos (excepto embalaxes).
- 02 01 06 Feces de animais, urina e esterco (incluída palla podre) e efluentes recollidos selectivamente e tratados fóra do lugar onde se xeran.
- 02 01 07 Residuos da silvicultura.
- 02 01 08* Residuos agroquímicos que conteñen substancias perigosas.
- 02 01 09 Residuos agroquímicos distintos dos mencionados no código 02 01 08.
- 02 01 10 Residuos metálicos.
- 02 01 99 Residuos non especificados noutra categoría.
- 02 02 Residuos da preparación e elaboración de carne, peixe e outros alimentos de orixe animal.
- 02 02 01 Lodos de lavado e limpeza.
- 02 02 02 Residuos de tecidos de animais.
- 02 02 03 Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración.
- 02 02 04 Lodos do tratamento in situ de efluentes.
- 02 02 99 Residuos non especificados noutra categoría.
- 02 03 Residuos da preparación e elaboración de froitas, legumes, cereais, aceites comestibles, cacao, café, té e tabaco; produción de conservas; produción de lévedo e extracto de lévedo, preparación e fermentación de melazas.
- 02 03 01 Lodos de lavado, limpeza, estonadura, centrifugación e separación.
- 02 03 02 Residuos de conservantes.
- 02 03 03 Residuos da extracción con disolventes.
- 02 03 04 Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración.
- 02 03 05 Lodos do tratamento in situ de efluentes.
- 02 03 99 Residuos non especificados noutra categoría.
- 02 04 Residuos da elaboración de azucre.
- 02 04 01 Terra procedente da limpeza e lavado da remolacha.
- 02 04 02 Carboato cálcico fóra de especificación.
- 02 04 03 Lodos do tratamento in situ de efluentes.
- 02 04 99 Residuos non especificados noutra categoría.
- 02 05 Residuos da industria de produtos lácteos.
- 02 05 01 Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración.
- 02 05 02 Lodos do tratamento in situ de efluentes.
- 02 05 99 Residuos non especificados noutra categoría.
- 02 06 Residuos da industria de panadería e pastelería.
- 02 06 01 Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración.
- 02 06 02 Residuos de conservantes.
- 02 06 03 Lodos do tratamento in situ de efluentes.
- 02 06 99 Residuos non especificados noutra categoría.
- 02 07 Residuos da produción de bebidas alcohólicas e non alcohólicas (excepto café, té e cacao).
- 02 07 01 Residuos de lavado, limpeza e redución mecánica de materias primas.

02 07 02	Resíduos da destilación de alcohois.
02 07 03	Resíduos do tratamento químico.
02 07 04	Materiais inadecuados para o consumo ou a elaboración.
02 07 05	Lodos do tratamento in situ de efluentes.
02 07 99	Resíduos non especificados noutra categoría.

03 Resíduos da transformación da madeira e da produción de tableiros e mobles, pasta de papel, papel e cartón

03 01	Resíduos da transformación da madeira e da produción de tableiros e mobles.
03 01 01	Resíduos de casca e cortiza.
03 01 04*	Serraduras, labras, retrincos, madeira, tableiros de partículas e chapas que conteñen substancias perigosas.
03 01 05	Serraduras, labras, retrincos, madeira, tableiros de partículas e chapas distintos dos mencionados no código 03 01 04.
03 01 99	Resíduos non especificados noutra categoría.
03 02	Resíduos dos tratamentos de conservación da madeira.
03 02 01*	Conservantes da madeira orgánicos non haloxenados.
03 02 02*	Conservantes da madeira organoclorados.
03 02 03*	Conservantes da madeira organometálicos.
03 02 04*	Conservantes da madeira inorgánicos.
03 02 05*	Outros conservantes da madeira que conteñen substancias perigosas.
03 02 99	Conservantes da madeira non especificados noutra categoría.
03 03	Resíduos da produción e transformación de pasta de papel, papel e cartón.
03 03 01	Resíduos de casca e madeira.
03 03 02	Lodos de lixivias verdes (procedentes da recuperación de lixivias de cocción).
03 03 05	Lodos de destinxidura procedentes da reciclaxe de papel.
03 03 07	Refugалlos, separados mecanicamente, de pasta elaborada a partir de residuos de papel e cartón.
03 03 08	Resíduos procedentes da clasificación de papel e cartón destinados á reciclaxe.
03 03 09	Resíduos de lodos calcarios.
03 03 10	Refugалlos de fibras e lodos de fibras, de materiais de carga e de estucado, obtidos por separación mecánica.
03 03 11	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos especificados no código 03 03 10.
03 03 99	Resíduos non especificados noutra categoría.

04 Resíduos das industrias do coiro, da pel e téxtil

04 01	Resíduos das industrias do coiro e da pel.
04 01 01	Resíduos da esgazadura das peles.
04 01 02	Resíduos de encalado.
04 01 03*	Resíduos de desengraxamento que conteñen disolventes sen fase líquida.
04 01 04	Resíduos líquidos de curtume que conteñen cromo.
04 01 05	Resíduos líquidos de curtume que non conteñen cromo.
04 01 06	Lodos, en particular os procedentes do tratamento in situ de efluentes, que conteñen cromo.
04 01 07	Lodos, en particular os procedentes do tratamento in situ de efluentes, que non conteñen cromo.
04 01 08	Resíduos de pel curtida (esgazaduras, rebaixaduras, retrincos, po de esmerilar) que conteñen cromo.
04 01 09	Resíduos de confección e acabado.
04 01 99	Resíduos non especificados noutra categoría.
04 02	Resíduos da industria téxtil.
04 02 09	Resíduos de materiais compostos (tecidos impregnados, elastómeros, plastómeros).
04 02 10	Materia orgánica de produtos naturais (por exemplo graxa, cera).
04 02 14*	Resíduos do acabado que conteñen disolventes orgánicos.
04 02 15	Resíduos do acabado distintos dos especificados no código 04 02 14.
04 02 16*	Colorantes e pigmentos que conteñen substancias perigosas.
04 02 17	Colorantes e pigmentos distintos dos mencionados no código 04 02 16.
04 02 19*	Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas.
04 02 20	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos mencionados no código 04 02 19.
04 02 21	Resíduos de fibras téxtiles non procesadas.
04 02 22	Resíduos de fibras téxtiles procesadas.
04 02 99	Resíduos non especificados noutra categoría.

05 Resíduos da refinación do petróleo, da purificación do gas natural e do tratamento pirolítico do carbón

05 01	Resíduos da refinación do petróleo.
05 01 02*	Lodos de desalinización.
05 01 03*	Lodos de fondos de tanques.
05 01 04*	Lodos de alquíl ácido.

05 01 05*	Derramos de hidrocarburos.
05 01 06*	Lodos oleosos procedentes de operacións de mantemento de instalacións ou equipamentos.
05 01 07*	Alcatráns ácidos.
05 01 08*	Outros alcatráns.
05 01 09*	Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas.
05 01 10	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos mencionados no código 05 01 09.
05 01 11*	Residuos procedentes da limpeza de combustibles con bases.
05 01 12*	Hidrocarburos que conteñen ácidos.
05 01 13	Lodos procedentes da auga de alimentación de caldeiras.
05 01 14	Residuos de columnas de refrixeración.
05 01 15*	Arxilas de filtración usadas.
05 01 16	Residuos que conteñen xofre procedentes da desulfuración do petróleo.
05 01 17	Betumes.
05 01 99	Residuos non especificados noutra categoría.
05 06	Residuos do tratamento pirolítico do carbón.
05 06 01*	Alcatráns ácidos.
05 06 03*	Outros alcatráns.
05 06 04	Residuos de columnas de refrixeración.
05 06 99	Residuos non especificados noutra categoría.
05 07	Residuos da purificación e transporte do gas natural.
05 07 01*	Residuos que conteñen mercurio.
05 07 02	Residuos que conteñen xofre.
05 07 99	Residuos non especificados noutra categoría.

06 Residuos de procesos químicos inorgánicos

06 01	Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de ácidos.
06 01 01*	Ácido sulfúrico e ácido sulfuroso.
06 01 02*	Ácido clorhídrico.
06 01 03*	Ácido fluorhídrico.
06 01 04*	Ácido fosfórico e ácido fosforoso.
06 01 05*	Ácido nítrico e ácido nitroso.
06 01 06*	Outros ácidos.
06 01 99	Residuos non especificados noutra categoría.
06 02	Residuos da FFDU de bases.
06 02 01*	Hidróxido cálcico.
06 02 03*	Hidróxido amónico.
06 02 04*	Hidróxido potásico e hidróxido sódico.
06 02 05*	Outras bases.
06 02 99	Residuos non especificados noutra categoría.
06 03	Residuos da FFDU de sales e as súas solucións e de óxidos metálicos.
06 03 11*	Sales sólidos e solucións que conteñen cianuros.
06 03 13*	Sales sólidos e solucións que conteñen metais pesados.
06 03 14	Sales sólidos e solucións distintas das mencionadas nos códigos 06 03 11 e 06 03 13.
06 03 15*	Óxidos metálicos que conteñen metais pesados.
06 03 16	Óxidos metálicos distintos dos mencionados no código 06 03 15.
06 03 99	Residuos non especificados noutra categoría.
06 04	Residuos que conteñen metais distintos dos mencionados no subcapítulo 06 03.
06 04 03*	Residuos que conteñen arsénico.
06 04 04*	Residuos que conteñen mercurio.
06 04 05*	Residuos que conteñen outros metais pesados.
06 04 99	Residuos non especificados noutra categoría.
06 05	Lodos do tratamento in situ de efluentes.
06 05 02*	Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas.
06 05 03	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos mencionados no código 06 05 02.
06 06	Residuos da FFDU de produtos químicos que conteñen xofre, de procesos químicos do xofre e de procesos de desulfuración.
06 06 02*	Residuos que conteñen sulfuros perigosos.
06 06 03	Residuos que conteñen sulfuros distintos dos mencionados no código 06 06 02.
06 06 99	Residuos non especificados noutra categoría.
06 07	Residuos da FFDU de halóxenos e de procesos químicos dos halóxenos.

06 07 01*	Residuos de electrólise que conteñen amianto.
06 07 02*	Carbón activo procedente da produción de cloro.
06 07 03*	Lodos de sulfato bórico que conteñen mercurio.
06 07 04*	Solucións e ácidos, por exemplo, ácido de contacto.
06 07 99	Residuos non especificados noutra categoría.
06 08	Residuos da FFDU do silicio e os seus derivados.
06 08 02*	Residuos que conteñen clorosilanos perigosos.
06 08 99	Residuos non especificados noutra categoría.
06 09	Residuos da FFDU de produtos químicos que conteñen fósforo e de procesos químicos do fósforo.
06 09 02	Escouras de fósforo.
06 09 03*	Residuos cálcicos de reacción que conteñen ou están contaminados con substancias perigosas.
06 09 04	Residuos cálcicos de reacción distintos dos mencionados no código 06 09 03.
06 09 99	Residuos non especificados noutra categoría.
06 10	Residuos da FFDU de produtos químicos que conteñen nitróxeno, de procesos químicos do nitróxeno e da fabricación de fertilizantes.
06 10 02*	Residuos que conteñen substancias perigosas.
06 10 99	Residuos non especificados noutra categoría.
06 11	Residuos da fabricación de pigmentos inorgánicos e ou pacificantes.
06 11 01	Residuos cálcicos de reacción procedentes da produción de dióxido de titanio.
06 11 99	Residuos non especificados noutra categoría.
06 13	Residuos de procesos químicos inorgánicos non especificados noutra categoría.
06 13 01*	Productos fitosanitarios inorgánicos, conservantes da madeira e outros biocidas.
06 13 02*	Carbón activo usado (excepto o código 06 07 02).
06 13 03	Negro de fume.
06 13 04*	Residuos procedentes da transformación do amianto.
06 13 05*	Feluxe.
06 13 99	Residuos non especificados noutra categoría.

07 Residuos de procesos químicos orgánicos

07 01	Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de produtos químicos orgánicos de base.
07 01 01*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos.
07 01 03*	Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados.
07 01 04*	Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos.
07 01 07*	Residuos de reacción e de destilación haloxenados.
07 01 08*	Outros residuos de reacción e de destilación.
07 01 09*	Tortas de filtración e absorbentes usados haloxenados.
07 01 10*	Outras tortas de filtración e absorbentes usados.
07 01 11*	Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas.
07 01 12	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos especificados no código 07 01 11.
07 01 99	Residuos non especificados noutra categoría.
07 02	Residuos da FFDU de plásticos, caucho sintético e fibras artificiais.
07 02 01*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos.
07 02 03*	Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados.
07 02 04*	Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos.
07 02 07*	Residuos de reacción e de destilación haloxenados.
07 02 08*	Outros residuos de reacción e de destilación.
07 02 09*	Tortas de filtración e absorbentes usados haloxenados.
07 02 10*	Outras tortas de filtración e absorbentes usados.
07 02 11*	Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas.
07 02 12	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos especificados no código 07 02 11.
07 02 13	Residuos de plástico.
07 02 14*	Residuos procedentes de aditivos que conteñen substancias perigosas.
07 02 15	Residuos procedentes de aditivos, distintos dos especificados no código 07 02 14.
07 02 16*	Residuos que conteñen siliconas perigosas.
07 02 17	Residuos que conteñen siliconas distintas das mencionadas no código 07 02 16.
07 02 99	Residuos non especificados noutra categoría.
07 03	Residuos da FFDU de colorantes e pigmentos orgánicos (excepto os do subcapítulo 06 11).
07 03 01*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos.
07 03 03*	Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados.
07 03 04*	Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos.

07 03 07*	Residuos de reacción e de destilación haloxenados.
07 03 08*	Outros residuos de reacción e de destilación.
07 03 09*	Tortas de filtración e absorbentes usados haloxenados.
07 03 10*	Outras tortas de filtración e absorbentes usados.
07 03 11*	Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas.
07 03 12	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos especificados no código 07 03 11.
07 03 99	Residuos non especificados noutra categoría.
07 04	Residuos da FFDU de productos fitosanitarios orgánicos (excepto os dos códigos 02 01 08 e 02 01 09), de conservantes da madeira (excepto os do subcapítulo 03 02) e doutros biocidas.
07 04 01*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos.
07 04 03*	Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados.
07 04 04*	Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos.
07 04 07*	Residuos de reacción e de destilación haloxenados.
07 04 08*	Outros residuos de reacción e de destilación.
07 04 09*	Tortas de filtración e absorbentes usados haloxenados.
07 04 10*	Outras tortas de filtración e absorbentes usados.
07 04 11*	Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas.
07 04 12	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos especificados no código 07 04 11.
07 04 13*	Residuos sólidos que conteñen substancias perigosas.
07 04 99	Residuos non especificados noutra categoría.
07 05	Residuos da FFDU de productos farmacéuticos.
07 05 01*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos.
07 05 03*	Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados.
07 05 04*	Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos.
07 05 07*	Residuos de reacción e de destilación haloxenados.
07 05 08*	Outros residuos de reacción e de destilación.
07 05 09*	Tortas de filtración e absorbentes usados haloxenados.
07 05 10*	Outras tortas de filtración e absorbentes usados.
07 05 11*	Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas.
07 05 12	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos especificados no código 07 05 11.
07 05 13*	Residuos sólidos que conteñen substancias perigosas.
07 05 14	Residuos sólidos distintos dos especificados no código 07 05 13.
07 05 99	Residuos non especificados noutra categoría.
07 06	Residuos da FFDU de graxas, xabóns, deterxentes, desinfectantes e cosméticos.
07 06 01*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos.
07 06 03*	Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados.
07 06 04*	Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos.
07 06 07*	Residuos de reacción e de destilación haloxenados.
07 06 08*	Outros residuos de reacción e de destilación.
07 06 09*	Tortas de filtración e absorbentes usados haloxenados.
07 06 10*	Outras tortas de filtración e absorbentes usados.
07 06 11*	Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas.
07 06 12	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos especificados no código 07 06 11.
07 06 99	Residuos non especificados noutra categoría.
07 07	Residuos da FFDU de productos químicos resultantes da química fina e productos químicos non especificados noutra categoría.
07 07 01*	Líquidos de limpeza e licores nai acuosos.
07 07 03*	Disolventes, líquidos de limpeza e licores nai organohaloxenados.
07 07 04*	Outros disolventes, líquidos de limpeza e licores nai orgánicos.
07 07 07*	Residuos de reacción e de destilación haloxenados.
07 07 08*	Outros residuos de reacción e de destilación.
07 07 09*	Tortas de filtración e absorbentes usados haloxenados.
07 07 10*	Outras tortas de filtración e absorbentes usados.
07 07 11*	Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas.
07 07 12	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos especificados no código 07 07 11.
07 07 99	Residuos non especificados noutra categoría.

08 Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización (FFDU) de revestimentos (pinturas, vernices e esmaltes vítreos), adhesivos, seladores e tintas de impresión

08 01	Residuos da FFDU e da decapaxe ou eliminación de pintura e verniz.
08 01 11*	Residuos de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas.
08 01 12	Residuos de pintura e verniz distintos dos especificados no código 08 01 11.
08 01 13*	Lodos de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas.
08 01 14	Lodos de pintura e verniz distintos dos especificados no código 08 01 13.

08 01 15*	Lodos acuosos que conteñen pintura ou verniz con disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas.
08 01 16	Lodos acuosos que conteñen pintura ou verniz distintos dos especificados no código 08 01 15.
08 01 17*	Residuos da decapaxe ou eliminación de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas.
08 01 18	Residuos da decapaxe ou eliminación de pintura e verniz distintos dos especificados no código 08 01 17.
08 01 19*	Suspensións acuosas que conteñen pintura ou verniz con disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas.
08 01 20	Suspensións acuosas que conteñen pintura ou verniz distintos dos especificados no código 08 01 19.
08 01 21*	Residuos de decapantes ou desvernizadores.
08 01 99	Residuos non especificados noutra categoría.
08 02	Residuos da FFDU doutros revestimentos (incluídos materiais cerámicos).
08 02 01	Residuos en forma de po de revestimentos.
08 02 02	Lodos acuosos que conteñen materiais cerámicos.
08 02 03	Suspensións acuosas que conteñen materiais cerámicos.
08 02 99	Residuos non especificados noutra categoría.
08 03	Residuos da FFDU de tintas de impresión.
08 03 07	Lodos acuosos que conteñen tinta.
08 03 08	Residuos líquidos acuosos que conteñen tinta.
08 03 12*	Residuos de tintas que conteñen substancias perigosas.
08 03 13	Residuos de tintas distintos dos especificados no código 08 03 12.
08 03 14*	Lodos de tinta que conteñen substancias perigosas.
08 03 15	Lodos de tinta distintos dos especificados no código 08 03 14.
08 03 16*	Residuos de solucións corrosivas.
08 03 17*	Residuos de tóner de impresión que conteñen substancias perigosas.
08 03 18	Residuos de tóner de impresión distintos dos especificados no código 08 03 17.
08 03 19*	Aceites de dispersión.
08 03 99	Residuos non especificados noutra categoría.
08 04	Residuos da FFDU de adhesivos e seladores (incluíndo produtos de impermeabilización).
08 04 09*	Residuos de adhesivos e seladores que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas.
08 04 10	Residuos de adhesivos e seladores distintos dos especificados no código 08 04 09.
08 04 11*	Lodos de adhesivos e seladores que conteñen disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas.
08 04 12	Lodos de adhesivos e seladores distintos dos especificados no código 08 04 11.
08 04 13*	Lodos acuosos que conteñen adhesivos ou seladores con disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas.
08 04 14	Lodos acuosos que conteñen adhesivos ou seladores distintos dos especificados no código 08 04 13.
08 04 15*	Residuos líquidos acuosos que conteñen adhesivos ou seladores con disolventes orgánicos ou outras substancias perigosas.
08 04 16	Residuos líquidos acuosos que conteñen adhesivos ou seladores, distintos dos especificados no código 08 04 15.
08 04 17*	Aceite de resina.
08 04 99	Residuos non especificados noutra categoría.
08 05	Residuos non especificados noutra parte do capítulo 08.
08 05 01*	Isocianatos residuais.

09 Residuos da industria fotográfica

09 01	Residuos da industria fotográfica.
09 01 01*	Solucións de revelado e solucións activadoras á auga.
09 01 02*	Solucións de revelado de placas de impresión á auga.
09 01 03*	Solucións de revelado con disolventes.
09 01 04*	Solucións de fixación.
09 01 05*	Solucións de branqueo e solucións de blanqueo-fixación.
09 01 06*	Residuos que conteñen prata procedentes do tratamento in situ de residuos fotográficos.
09 01 07	Películas e papel fotográfico que conteñen prata ou compostos de prata.
09 01 08	Películas e papel fotográfico que non conteñen prata nin compostos de prata.
09 01 10	Cámaras dun só uso sen pilas nin acumuladores.
09 01 11*	Cámaras dun só uso con pilas ou acumuladores incluídos nos códigos 16 06 01, 16 06 02 ou 16 06 03.
09 01 12	Cámaras dun só uso con pilas ou acumuladores distintas das especificadas no código 09 01 11.
09 01 13*	Residuos líquidos acuosos, procedentes da recuperación in situ de prata, distintos dos especificados no código 09 01 06.
09 01 99	Residuos non especificados noutra categoría.

10 Residuos de procesos térmicos

10 01	Residuos de centrais eléctricas e outras instalacións de combustión (excepto os do capítulo 19).
10 01 01	Cinzas de lareira, escouras e po de caldeira (excepto o po de caldeira especificado no código 10 01 04).
10 01 02	Cinzas voantes de carbón.
10 01 03	Cinzas voantes de turba e de madeira (non tratada).
10 01 04*	Cinzas voantes e po de caldeira de hidrocarburos.
10 01 05	Residuos cálcicos de reacción, en forma sólida, procedentes da desulfuración de gases de combustión.

10 01 07	Residuos cálcicos de reacción, en forma de lodos, procedentes da desulfuración de gases de combustión.
10 01 09*	Ácido sulfúrico.
10 01 13*	Cinzas voantes de hidrocarburos emulsionados usados como combustibles.
10 01 14*	Cinzas de lareira, escouras e po de caldeira, procedentes da coincineración, que conteñen substancias perigosas.
10 01 15	Cinzas de lareira, escouras e po de caldeira, procedentes da coincineración, distintos dos especificados no código 10 01 14.
10 01 16*	Cinzas voantes procedentes da coincineración que conteñen substancias perigosas.
10 01 17	Cinzas voantes procedentes da coincineración distintas das especificadas no código 10 01 16.
10 01 18*	Residuos, procedentes da depuración de gases, que conteñen substancias perigosas.
10 01 19	Residuos, procedentes da depuración de gases, distintos dos especificados nos códigos 10 01 05, 10 01 07 e 10 01 18.
10 01 20*	Lodos do tratamento in situ de efluentes que conteñen substancias perigosas.
10 01 21	Lodos do tratamento in situ de efluentes distintos dos especificados no código 10 01 20.
10 01 22*	Lodos acuosos, procedentes da limpeza de caldeiras, que conteñen substancias perigosas.
10 01 23	Lodos acuosos, procedentes da limpeza de caldeiras, distintos dos especificados no código 10 01 22.
10 01 24	Areas de leitos fluidizados.
10 01 25	Residuos procedentes do almacenamento e preparación de combustible de centrais eléctricas de carbón.
10 01 26	Residuos do tratamento da auga de refrixeración.
10 01 99	Residuos non especificados noutra categoría.
10 02	Residuos da industria do ferro e do aceiro.
10 02 01	Residuos do tratamento de escouras.
10 02 02	Escouras non tratadas.
10 02 07*	Residuos sólidos, do tratamento de gases, que conteñen substancias perigosas.
10 02 08	Residuos sólidos do tratamento de gases distintos dos especificados no código 10 02 07.
10 02 10	Escamas de laminación.
10 02 11*	Residuos do tratamento da auga de refrixeración que conteñen aceites.
10 02 12	Residuos do tratamento da auga de refrixeración distintos dos especificados no código 10 02 11.
10 02 13*	Lodos e tortas de filtración, do tratamento de gases, que conteñen substancias perigosas.
10 02 14	Lodos e tortas de filtración, do tratamento de gases, distintos dos especificados no código 10 02 13.
10 02 15	Outros lodos e tortas de filtración.
10 02 99	Residuos non especificados noutra categoría.
10 03	Residuos da termometalurxia do aluminio.
10 03 02	Fragmentos de ánodos.
10 03 04*	Escouras da produción primaria.
